

**Resolución reitoral de aceptación de renuncia e concesión dunha bolsa de formación en unidades e áreas da Universidade de Vigo no curso académico 2025/2026**

Recibida con data 7 de maio de 2026 a solicitude de renuncia de **Sara Ricoy Rajoy**, beneficiaria dunha bolsa da convocatoria *Bolsas de formación en unidades e áreas dirixidas ao estudantado da Universidade de Vigo para o curso 2025/2026* (R.R. do 20 de outubro de 2025),

Visto a base 9 da Resolución reitoral de 2 de xullo de 2025 da convocatoria de Bolsas de formación en unidades e áreas dirixidas ao estudantado da Universidade de Vigo no curso académico 2025/2026, e existindo persoas candidatas na listaxe de agarda,

**Esta Reitoría resolve:**

1. Aceptar a renuncia de **Sara Ricoy Rajoy** coa correspondente perda de dereitos de cobro con efectos administrativos do 15 de maio de 2026.
2. Conceder a **Ismael Prieto Costas** unha bolsa PO-U-3 VICERREITORÍA DO CAMPUS-Sala Universitaria profesor Manuel Moldes -15 horas) por unha contía de 632,25 € con efectos económicos e administrativos do 18 de maio de 2026.

De acordo co establecido na base 10 da convocatoria son obrigas das persoas bolseiras:

1. Realizar, baixo a supervisión do titor/a, a actividade formativa e o plan formativo de xeito presencial conforme ao establecido na convocatoria.
2. Estar matriculada na UVIGO durante todo o período de duración da bolsa.
3. Achegar á Sección de Bolsas e Axudas ao Estudo, dentro do mes seguinte á finalización da bolsa, unha memoria final das actividades realizadas durante todo o período da bolsa. Esta memoria debe estar informada favorablemente pola persoa titora.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa*.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ó recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)

A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Natalia Caparrini Marín

CSV : GEN-b070-006c-fab9-1388-0aef-8c9b-a23f-0dc9

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://run.gob.es/hsb0d8bw6q>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 12/05/2026 14:36 | NOTAS : F

